



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DAS INSTALACIÓNS DE CONEXIÓN Á REDE ELÉCTRICA. BEARIZ 400 KV – EIXE LESTE, NOS CONCELLOS DE O IRIXO, BOBORÁS E BEARIZ (OURENSE), PROMOVIDO POR ADELANTA CORPORACIÓN, SA (CLAVE 2021/0051)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 6 de decembro) e polo Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño (BOE núm. 175, do 24 de xuño), establece no seu artigo 7.1. apartado b) que os proxectos obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada cando así o decida o órgano ambiental no informe de impacto ambiental de acordo cos criterios do anexo III, serán sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O proxecto ao que se refire esta proposta de declaración atópase incluído no ámbito de aplicación definido anteriormente tendo en conta a resolución do 20 de xullo de 2021 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe de impacto ambiental (IIA), polo que, téndose practicado o referido procedemento de avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria, procede formular a súa declaración de impacto ambiental (DIA), conforme o disposto no artigo 41 da dita lei.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Adelanta Corporación, S.A. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto consiste na execución dunha solución conxunta para a evacuación da enerxía eléctrica xerada nun continxente de 25 de parques eólicos (Serra do Faro, Serra do Faro Ampliación II, Coto Frío, Coto da Mina, Pico Seco, Valdepereira, Suído I, A Estivada, As Vides, Campos Vello, Marcofán, Pena da Lebre, Puza, Edreira I, Coto das Airas, Laxabranca, Uxo, Monte Peón, As Penizas, As Penizas Ampliación, Pedra Longa, Cabanelas, Tramontana, Siroco e Coto do Carballal), obxecto doutros proxectos e promovidos por distintos promotores, que suman unha potencia total duns 747,5 MW, e que contan con permiso de acceso e conexión á rede eléctrica de transporte na subestación eléctrica Beariz 400 kV, de Red Eléctrica España (REE).

As instalacións que conformarán o proxecto estarán compostas pola liña eléctrica de interconexión denominada LAT 132 kV SEC Valdepereira – SEC Paraño, a subestación colectora denominada SEC Paraño 400/132/30 kV e a liña eléctrica que a conectará coa SE Beariz 400kV de REE, denominada LAT 400 kV SET Paraño – SE Beariz.

As características principais do proxecto son as seguintes:

1. LAT 132 kV SEC Valdepereira-SEC Paraño:

- LAT 132 kV Apoio T60 LAT 132 kV SEC Serra do Faro-SEC Valdepereira.





Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-280 Dúplex tendido sobre dous apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 163,23 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 23,34 m na conexión a SEC Valdepereira.

- LAT 132 kV SEC Valdepereira-SEC A Estivada.
Liña eléctrica de alta tensión que contará dun simple circuíto de condutor LA-380 Dúplex, tendido sobre 21 apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 6.441,87 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 34,81 m na conexión a SEC A Estivada.
- LAT 132 kV SEC A Estivada-SEC Paraño.
Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-380 dúplex tendido sobre 14 apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 4.069,62 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 33,88 m na conexión a SEC Paraño.

2. Subestación colectora principal: SEC Paraño 30/132/400 kV.

A subestación colectora SEC Paraño 30/132/400 kV co equipamento complementario para as funcións de control, mando e protección da SEC ocupará unha superficie de 15.988,64 m².

3. LAT 400 kV SEC Paraño-SE REE Beariz.

Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-455 Dúplex tendido sobre dous apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 84,25 m, sen incluír o van destensado de aproximadamente 31,71 m na conexión a SEC Paraño e o van destensado de aproximadamente 70,37 m na conexión a SE REE Beariz.

A lonxitude total aproximada das liñas obxecto deste proxecto será de 10.758,97 m segundo o estudo de impacto ambiental (EslA), sen incluír os vans destensados de conexións ás distintas subestacións colectoras. Tanto a SEC Valdepereira como a SEC A Estivada serán obxecto doutros proxectos.

A configuración final do proxecto é resultado das modificacións introducidas durante a tramitación do expediente, a raíz dos informes da Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS) para o trámite ambiental e, posteriormente, sobre o EslA. Consecuencia do informe emitido pola CHMS pola localización de la SEC Paraño durante o procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada, se deseña unha nova alternativa coa SEC desprazada cara ao NE, para evitar afección a un canle e reducir a ocupación da zona de policía do mesmo. O desprazamento da SEC obriga a modificar os últimos apoios da LAT 132kV (apoios nº 36 e 37) e os apoios da LAT400kV a SE Beariz de REE (apoios nº 38 e 39). No informe sobre o EslA emitido pola CHMS respecto da nova alternativa apréciase un novo impacto asociado ao novo acceso para o apoio 37, o cal cruza un canle. Isto é corrixido polo promotor presentando un novo acceso alternativo ao apoio 37, paralelo á SEC e fóra de canles públicos. Por outra banda, á vista do resultado das tramitacións doutros parques e liñas no ámbito, o promotor achega modificacións que afectan á liña, que perde o ramal ao pórptico SEC A Estivada de 472 m de lonxitude.

O acceso principal ás instalacións realizarase a través das estradas N-541 e OU-0416 e, dende elas, a través de vías existentes. No tocante á apertura de novos accesos, abrirase unha lonxitude aproximada de 3.858,55 m de novos viais de 4 m de ancho para o paso de maquinaria de instalación.


Durante a fase de obras acondicionarase na base dos apoios das liñas unha zona para facilitar as labores de montaxe do apoio, cunha superficie aproximada de 20 x 25. Como zona de instalacións auxiliares (ZIA) durante a fase de obras prevese a utilización dunha ZIA principal situada no espazo dispoñible dentro da SEC Paraño, cunha superficie de 450m². Unha vez rematada a fase de montaxe procederase á recuperación da topografía e á restitución dos terreos ao seu estado preoperacional, deixando as plataformas de manobra e mantemento coa extensión mínima necesaria para a funcionalidade prevista.

O prazo estimado de execución do proxecto é de 8 meses e o orzamento de execución material é de 19.634.958,65 €.





Inclúese a continuación un bosquejo do proxecto coa configuración final, descrita anteriormente:



1.3. Principais elementos ambientais da contorna

O proxecto localízase entre os termos municipais de O Irixo, Boborás e Beariz (Ourense), nunha área de relevo montañoso conformada por unha serie de cordais de altitudes medias e altas (entre os 600 e os 800 metros), que forman parte das estribacións sur da Serra do Candán. Nos montes predominan as matogueiras, plantacións forestais de piñeiros e superficies núas onde destacan os afloramentos rochosos característicos destas serras. As masas arbóreas de frondosas autóctonas aparecen asociadas ás beiras dos cursos fluviais e ás valgadas. Nos vales sitúanse núcleos rurais de pequeno tamaño rodeados de predios de cultivos e pasteiros. A LAT discorre paralela a estrada provincial OU-0416 e atravesa a estrada N-541.

A nivel hidrolóxico a área de actuación localízase no ámbito competencial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. As liñas presentan cruzamentos cos canles do rego de Surribas, río do Testeiro, río Redondo ou regato de Cerdeira, rego Campo do Chancelo, rego da Touza e un canle innominado afluente deste. Ademais varios dos apoios (13, 24, 25 e 36) e a SEC localízanse dentro da zona de policía dunha serie de regatos innominados.

A cuberta vexetal predominante da contorna, segundo o EsIA, está conformada maioritariamente por matogueiras compostas de piornais e breixais secos (*Ulex europaeus*, *Erica cinerea*, *Cistus psilosepalus*, *Calluna vulgaris*, *Ulex minor*, *Erica umbellata*, *Pterospartum tridentatum*, *Lithodora diffusa*, *Thymus caespitius*, *Halimium alyssoides*, *Arrhenatherum longifolium*, *Cytisus striatus*, *Ulex europaeus*, *Rubus lusitanus*, *Pteridium aquilinum*, *Cytisus scoparius*, *Cytisus grandiflorus*, *Cytisus multiflorus*, *Genista polygaliphylla*, *Rubus grex*, *Adenocarpus complicatus*, *Erica arbórea*, *Pteridium aquilinum*.), observándose sós ou mesturados con outras unidades de vexetación como frondosas caducifolias, piñeirais, pradeiras e mosaicos agrícolas sobre rochedo.

En canto a masas arbóreas predominan repoboacións forestais e piñeirais (*Pinus pinaster*, *Pinus radiata*, *Eucalyptus globulus*) e masas mixtas de frondosas caducifolias (*Castanea sativa* e *Betula alba*) e piñeirais-





frondosas caducifolias (*Quercus robur*, *Betula celtiberica*, *Alnus glutinosa*, *Salix atrocinerea*, *Pinus pinaster*, *Eucalyptus globulus*).

Os bosques de ribeira, representados no ámbito do proxecto por exemplares de *Salix atrocinerea* e *Betula pendula* subsp. *celtiberica*, aínda que presentes, aparecen de forma fragmentada e quedan reducidos a estreitas franxas de vexetación, de carácter descontinuo respecto dos canles na zona.

O mosaico agrícola e os prados (representados na zona por *Dactyllis glomerata*, *Poa pratensis*, *Poa trivialis*, *Plantago lanceolata*, *Festuca rubra*, *Trifolium pratense*, *Trifolium repens*, *Lolium multiplorum* y *Lolium perenne*, *Dactyllis glomerata*) queda asociado ao entorno das entidades de poboación existentes na periferia do ámbito da liña, como A Ermida e Silvares (NE), Cebral (tramo central) e O Paraño e Sonelle (SW).

En canto a hábitats naturais, segundo o informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de acordo co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005) e as observacións efectuadas, na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats de interese comunitario:

- 4090 Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.
- 4030 Uceiras secas europeas.
- 6430 Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano e alpino.
- 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenayca*.
- 4020* Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (hábitat prioritario).
- 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (hábitat prioritario).
- 6220* Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do *Thero-Brachypodieta* (hábitat prioritario).

Respecto a especies de flora protexida, o ámbito de actuación do proxecto, cuadrícula UTM 10x10 29TNH60, correspóndese coa área de distribución de *Ranunculus bupleuroides*, incluída no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) como vulnerable. Non obstante, a información proporcionada polo Atlas da flora vascular ameazada de España (cuadrículas 1x1) non determina a presenza, na zona da actuación, de ningunha especie da flora ameazada.

Entre a fauna inventariada na cuadrícula 10x10 km, segundo o informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, existen varias especies ameazadas (CGEA) coas categorías de vulnerable (V) ou en perigo de extinción (E):

Anfibios

Rana iberica (V)
Chiglossa lusitanica (V)

Aves

Bubo bubo (V)
Milvus milvus (E)
Gallinago gallinago (E*)
Vanellus vanellus (E*)
Circus cyaneus (V)
Circus pygargus (V)
Scolopax rusticola (V*)

Mamíferos

Myotis myotis (V)
Rhinolophus ferrumequinum (V)
Rhinolophus hipposideros (V)
Myotis bechsteini (V)

* Poboación nidificante.

Cabe salientar que, segundo o "Atlas de aves reproductoras" publicado polo MITECO en 2003, non é previsible atopar parellas nidificantes de *Vanellus vanellus* na zona onde se localiza o proxecto.

O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.





Con respecto aos quirópteros, a maiores das especies ameazadas mencionadas segundo o EsIA, detectouse na zona a presenza de: *Pipistrellus pipistrellus* (é a especie máis común en Galicia), *Myotis daubentonii* e *Myotis nattereri*.

A zona de actuación non se localiza dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

No que atinxe a espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental, segundo o recollido no EsIA e o informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o lugar onde se localizan as instalacións do proxecto non ostenta ningunha figura de espazos protexidos das recollidas na Lei 5/2019, nin na Lei 42/2007, nin está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. O espazo natural protexido máis próximo ás instalacións sería a Zona de Especial Conservación Serra do Candán (a uns 680 m no seu punto máis achegado), amparada polo Plan director da Rede Natura 200 de Galicia (Decreto 37/2014, do 27 de marzo). Tampouco afecta a ningunha zona húmida das recollidas no Inventario de humidaes de Galicia, nin están presentes árbores ou formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras.

O proxecto non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

No que respecta á paisaxe, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística de O Carballiño. As infraestruturas non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, sendo as máis próximas a AEIP-07-29 Serra do Candán e Montes do Testeiro, situada a uns 660 m ao norte do apoio máis próximo. En relación aos miradoiros, os máis próximos son o das Ameixeiras, que se sitúa a uns 2,8 km ao norte, e o de Curro, a uns 3,8 km ao sur. Un pouco máis afastados atópanse o miradoiro do Castelón e o de Monte Coco (a uns 5,4 e 7,8 km ao norte da LAT), situados nos altos da antedita AEIP da Serra do Candán e Montes do Testeiro.

En canto ao patrimonio cultural, no ámbito da configuración do proxecto identificáronse varios elementos dos que cabe destacar o Petróglifo da Chancela 9, a 510 m do inicio do novo viario de acceso á SEC de Paraño na conexión co camiño existente, a Mámoa da Chancela 1, a 496 m do inicio do novo viario de acceso á SEC de Paraño na conexión co vieiro existente, a Mámoa da Chancela 2, a 484 m do inicio do novo viario de acceso á SEC de Paraño na conexión co camiño existente e o Morico da Pena, sendo o elemento máis próximo o camiño de acceso ao apoio 8, a uns 56 m. En relación co patrimonio etnográfico, o elemento máis próximo é o Campo de hórreos de Sonelle, atopándose a unha distancia superior a 300 m da liña e o apoio máis próximo, e a 218 m do camiño de acceso.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 16.02.2021, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda da Consellería de Economía, Emprego e Innovación, remitiu a solicitude de autorización administrativa previa, de construción, declaración de utilidade pública, aprobación do proxecto sectorial e solicitude de declaración de especial interese presentada polo solicitante, xunto coa solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada e o documento ambiental do proxecto.





Tendo en conta a documentación achegada, o proxecto inclúese no grupo 4.b) do anexo II da Lei 21/2013. Polo tanto, de acordo co seu artigo 7.2.a), foi obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada. Nesta tramitación, segundo establece o artigo 47 da dita lei, o órgano ambiental, logo de realizar as consultas reguladas no artigo 46, emitiu en data 20.07.2021 a resolución pola que se formula o informe de impacto ambiental (IIA) (anuncio DOG núm 148, 04.08.2021). Nesta resolución conclúese que o proxecto produciría afeccións á hidroloxía e aos ecosistemas fluviais, posto que o organismo de bacía informou desfavorablemente o proxecto pola ocupación do dominio público hidráulico, non considerando viable nin autorizable a localización seleccionada para a SEC Paraño e as instalacións auxiliares a non ser que se modificase.

O 21.07.2021, o órgano ambiental notificalle á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a resolución do IIA, xunto coas consideracións sobre a amplitude e nivel de detalle que debía ter o estudo de impacto ambiental (EslA) a elaborar polo promotor, unha serie de aspectos a ter en conta na tramitación de avaliación de impacto ambiental ordinaria e o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental.

En resposta á solicitude do promotor, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais declarou o 29.09.2021 a tramitación de urxencia do proxecto.

En resposta aos requirimentos da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de adecuar e mellorar a documentación ambiental, o promotor remite o 29.11.2021 un novo EslA.

Mediante acordo do 28.12.2021 a Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ditou acordo polo que se someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e a de construción, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación, e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto por un prazo de 15 días (DOG núm 5, do 10.01.2022).

Vista a sentenza nº 18/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en base ao principio de seguridade xurídica e por un criterio de precaución, sométese de novo a información pública por un prazo de 30 días mediante acordo do 25.02.2022 da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG núm 57, do 23.03.2022).

O 25.04.2022 ten entrada na Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación documentación actualizada relativa ao proxecto das instalacións de conexión de referencia. Con motivo da nova documentación actualizada, e tendo en conta a antedita sentenza 18/2022, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sométese de novo, mediante acordo do 28.04.2022 da dita Xefatura Territorial, a información pública por un prazo de 30 días o proxecto actualizado (DOG núm 88, do 06.05.2022).

O 21.10.2022 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia para continuar coa tramitación de avaliación de impacto ambiental ordinaria de cara á formulación da declaración de impacto ambiental. Entre outra documentación recíbese o estudo de impacto ambiental titulado *Instalaciones de Conexión a la Red Eléctrica. Beariz 400 KV – Eje Este. Estudio de Impacto Ambiental. Octubre 2021*.

Os días 24.11.2022 e 02.12.2022 o órgano substantivo remite documentación complementaria, concretamente unha documentación referida a unha resposta da Dirección Xeral de Saúde Pública, coa conformidade do promotor, e á contestación do promotor ao informe da Dirección Xeral da Defensa do Monte e a unha serie de alegacións achegadas, respectivamente.

O día 22.12.2022 o órgano substantivo fai unha nova remisión de documentación complementaria consistente nunha serie de alegacións e na resposta do promotor ás mesmas.





O día 26.12.2022 o órgano ambiental remite ao órgano substantivo solicitude de documentación complementaria correspondente ao bosquejo do proxecto na súa configuración final.

En data 29.12.2022 recíbese solicitude de información sobre a tramitación do expediente por parte de Augas de Paraño S.L. Esta solicitude é remitida polo órgano ambiental ao órgano substantivo o 07.02.2023.

O 16.01.2023 o órgano substantivo fai remisión de documentación complementaria correspondente ao bosquejo solicitado polo órgano ambiental e a alegacións.

O 07.02.2023 o órgano substantivo remite nova documentación complementaria correspondente ao informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil respecto dunha modificación no proxecto así como a resposta por parte do promotor. Achéganse tamén unha serie de alegacións sobre o proxecto. Nesta mesma data este órgano ambiental envía unha consulta á Dirección Xeral de Patrimonio Natural respecto dos efectos sinérxicos que poden derivarse da execución do proxecto.

En datas 10.03.2023 e 13.04.2023 o órgano substantivo remite nova documentación complementaria correspondente a contestacións, por parte do promotor, a unha serie de alegacións.

O 26.05.2023 recíbese no órgano ambiental resposta por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural á consulta respecto dos efectos sinérxicos que poden derivarse da execución do proxecto.

En data 20.06.2023 o órgano substantivo remite nova documentación complementaria achegada polo promotor, correspondente a unha separata na que se actualiza o estudo de impactos sobre a fauna e se elimina un tramo da liña, e ao bosquejo da configuración final do proxecto.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, diversa documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e as súas adendas ou documentación complementaria de ser o caso.

Os órganos das administracións públicas e entidades aos que se consultou son os seguintes:

<i>Relación de consultados</i>	<i>Respostas recibidas</i>
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Saúde Pública	X
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	X
Dirección Xeral de Defensa do Monte	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Confederación Hidrográfica Miño-Sil	X
Concello de Beariz	X
Concello de Boborás	-
Concello de O Irixo	-
Axencia de Turismo de Galicia	X
Sociedade Galega de Historia Natural	X
Sociedade Galega de Ornitoloxía	-
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia	-
Federación Ecoloxista Galega	-





En canto aos informes pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural expón os antecedentes e as características do proxecto e a continuación realiza unha serie de consideracións sobre a documentación do expediente, identificando os bens do patrimonio cultural e patrimonio etnográfico localizados no ámbito do Esla e a valoración do impacto aos mesmos en función da distancia mínima ás instalacións do proxecto (Mámoa da Chancela 1 (GA32011003) impacto compatible, Mámoa da Chancela 2 (GA32011012) impacto compatible, Petroglifo da Chancela 9 (GA32011009) impacto compatible, Morico da Pena (GA3203526) impacto moderado, e ETN-1 Campo de hórreos de Sonelle non existe impacto). Finalmente, informa favorablemente o estudo sempre e cando se teñan en conta as medias protectoras e correctoras sinaladas na documentación aportada co expediente ambiental así como unha serie de consideracións que se resumen a continuación:
 - Informarase aos responsables de obra, mediante a cartografía de obra onde se detalle a súa localización, de todos os elementos arqueolóxicos e etnográficos dentro do ámbito de estudo. Quedan restrinxidas as áreas de protección do patrimonio cultural para localizar calquera tipo de instalacións auxiliares.
 - Realizarase o control e seguimento arqueolóxico intensivo nos traballos que impliquen movemento de terras e roza na área de respecto dos elementos arqueolóxicos Mámoa da Chancela 1 (GA32011003), Mámoa da Chancela 2 (GA32011012), Petroglifo da Chancela 9 (GA32011009) e Morico da Pena (GA3203526).
 - As melloras dos viarios para acceso aos apoios e á SEC de Paraño, cando discorran polas áreas de protección de elementos do patrimonio cultural, non poderán levar ningunha remoción de terras.
 - O proxecto de construción da LAT (instalación dos apoios, acceso á LAT, así como as rozas necesarias na traza) deberá realizarse baixo control e seguimento arqueolóxico. A tal fin e previo ao inicio das obras, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm 150, do 06.08.1997). O proxecto incorporará as medidas correctoras do Anexo II.
 - Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso que se constate a existencia de restos arqueolóxicos primarase a conservación dos mesmos.
 - Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que poderá establecer as medidas correctoras necesarias para protexer o patrimonio cultural.
 - No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, os concellos de O Irixo, Boborás e Beariz (Ourense) deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
 - Tendo en conta a natureza do rexistro arqueolóxico e etnográfico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación que pode agochar a presenza do patrimonio cultural, considérase necesario realizar un control e seguimento arqueolóxico das obras.
 - En relación cos accesos desde as estradas principais aos apoios da LAT, prestarase especial consideración aos elementos existentes nos núcleos polos que se pretenda atravesar, así como aos existentes ao borde dos camiños, como hórreos ou cruceiros, e os valados e muros de pedra feitos coa técnica tradicional de construción de pedra in seco. Neste senso compre sinalar que esta técnica está incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do día 31.08.2016 (DOG núm 186, do 29.09.2016)





e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Inmaterial da Humanidade dende 2018.

- As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural (BIC) ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e, para estes efectos, a entidade promotora ou o concello deberán remitir o correspondente proxecto técnico co carácter previo á concesión de licenza.

Como resposta ao informe da antedita dirección xeral o promotor achega a súa conformidade e solicita a continuación da tramitación do expediente.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural tras expoñer os antecedentes administrativos e facer un resumo do proxecto, indica que a zona onde se proxecta a instalación non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, nin está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. Ademais indica que a zona onde se desenvolve o proxecto non se atopa en ningún espazo que, neste momento, se atope en estudo na dirección xeral por reunir importantes valores ambientais.

Prosegue informando que o proxecto non afecta a árbores ou formacións senlleiras incluídas no Decreto 67/2007, nin humidais dos recollidos no Inventario de humidais de Galicia creado polo Decreto 127/2008. A continuación indica que tampouco afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección de avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión.

Informa, así mesmo, de que segundo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España e os datos achegados no EsIA, localízanse teselas de hábitats naturais de interese comunitario ou prioritario (4090, 4030, 6430, 9230). Recolle ademais un listado de especies de flora e fauna incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), puntualizando que a dita información corresponde a un ámbito territorial de 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise. En canto á flora vascular ameazada, matiza que información máis detallada como a proporcionada polo Atlas da flora vascular ameazada de España (cuadrículas 1x1) non determina a presenza, na zona de actuación, de ningunha especie de flora ameazada. En canto a plans de recuperación ou conservación de especies protexidas, informan que o proxecto non está incluído dentro do ámbito de ningún plan nin dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans.

Con respecto ás observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense relacionadas cos valores naturais salientase que, analizadas as superficies de actuación conforme os datos achegados na solicitude, na zona de actuación se presentan os hábitats prioritarios 91E0*, 4020* e 6220*. Dito Servizo desta que dado que o proxecto non se atopa executado deberase considerar a previsíbel acumulación de impactos, considerando as liñas de evacuación de enerxía xa existentes, con respecto a avifauna e quirópteros, tendo en conta que parte deste territorio (comarca/s) está incluído dentro da Área Prioritaria de Avifauna Ameazada e Zona de Protección de Avifauna Contra Liñas eléctricas de Alta Tensión e a presenza de especies de avifauna catalogada.

Nas súas conclusións, a Dirección Xeral indica que da análise da documentación e das achegas do seu servizo provincial de Ourense, considera que non é previsíbel que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e unha serie de consideracións, das que cabe destacar as seguintes:

- Previamente ao inicio dos traballos delimitarase o terreo a ocupar polas obras e se usarán as vías de acceso existentes para o tránsito de maquinaria, co fin de minimizar a





alteración dos hábitats existentes no entorno, especialmente no que se refire ás formacións boscosas e exemplares arbóreos.

- Respetarase integramente os hábitats 91E0*, o 9230 ben conservado e o 4020*, adoptando medidas que eviten a colocación de apoios nestas comunidades vexetais e para o caso das comunidades arbóreas (91E0* e 9230) elevando os apoios para aumentar a altura da catenaria sobre as copas e así permitir a existencia deste arborado, non sendo cortado en tarefas de mantemento da liña.
- En canto ás actuacións que discorran ao carón de formacións arboreas de carácter autóctono, deberán respectar os pés existentes.
- Os cúmulo temporais faranse en zonas de mínima afección ecolóxica e paisaxística e o depósito de materiais non se realizarán, en ningún caso, sobre hábitats do Anexo I da Directiva 92/43 ou áreas prioritarias das especies.
- Previamente ó inicio dos traballos, será comprobada a ausencia, na zona obxecto das actuacións, de especies protexidas que poidan ser danadas, fundamentalmente anfibios, así como especies de flora como *Ranunculus bupleioides*. De atoparse ou demostrarse a existencia de especies incluídas no CGEA na zona onde se pretende actuar, prohibese calquera actuación que lles afecte. No suposto de verse afectadas, comunicarse ao Servizo de Patrimonio Natural de Ourense para tomar as medidas oportunas e, no seu caso, solicitar a correspondente autorización administrativa.
- En caso de que o programa de vixilancia e seguimento en fase de explotación detecte mortalidade de especies de aves e/ou morcegos, procederase a identificar os tramos críticos da liña e á instalación de salva paxaros e/ou dispositivos de sinalización conforme ás mellores técnicas dispoñibles nese momento.
- A planificación temporal dos traballos deberá ter en conta o ciclo das especies nidificantes, evitando alterar as mesmas por emisión de rúidos ou pola corta e roza de vexetación e mesmo priorizando outras áreas de traballo en función do anterior.
- Tendo en conta a existencia de ríos e regos no ámbito de actuación, deberán respectarse os condicionantes da Lei 2/2021, de 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, especialmente no referido á conservación do arborado de ribeira e a alteración da calidade das augas. A este respecto, as principais medidas a concretas a cumprir serían:
 - Nos cruces da liña coa vexetación de ribeira (hábitat 91E0*) adoptaranse medidas tendentes a salvagardar no posible a citada vexetación. Por conseguinte as medidas tenderán a non instalar apoios nestas zonas e con respecto ao mantemento desta liña prohibese a corta a matarrasa da vexetación arbórea de ribeira e a roza completa da vexetación, polo que deberán elevarse os apoios nestas valgadas para permitir suficiente distancia desde as copas á catenaria e así manter a vexetación de ribeira.
 - Evitarase o depósito de residuos ou produtos sólidos en zonas onde os escoamentos produzan arrastres aos cursos fluviais, coa conseguinte contaminación de augas continentais.
 - Queda prohibida calquera vertedura de material contaminante ás augas do río (cemento, formigóns, alcatrán, pintura, etc). Así mesmo, tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais dos depósitos de almacenamento de produtos como aceites, graxas e carburantes de motores.
 - Todas as augas que saian das zonas de instalación das obras, derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos. Así mesmo, todas as augas procedentes dos formigonados derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos, regulación do pH e eliminación de aceites e graxas.





- Durante a realización dos traballos non se producirán arrastres nin enturbamentos das augas continentais susceptibles de ser afectadas.
- En todo caso, prohibese calquera tipo de vertido que poida afectar á calidade das augas continentais. En consecuencia, as augas susceptibles de ser afectadas cumprarán en todo momento (incluso na época de estiaxe), o preceptuado no artigo 80º do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais sobre a calidade mínima esixible ás augas continentais.
- No tocante ás terras sobrantes, primará a reutilización para a restauración de zonas degradadas, sendo a última opción o depósito nos vertedoiros autorizados.
- No suposto de que se detecte ou demostre calquera afección significativa sobre o medio natural, non contemplada previamente, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a dita afección e será o Servizo de Patrimonio Natural de Ourense quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas adecuadas para corrixir os efectos producidos.

O promotor, como resposta ao informe da dirección xeral, manifesta a súa conformidade coas consideracións expostas no mesmo e solicita a continuación da tramitación do expediente.

Posteriormente a Dirección Xeral de Patrimonio Natural pronúnciase respecto dos efectos sinérxicos que poidan derivarse da execución do proxecto. Neste pronunciamento a Dirección Xeral analiza o efecto acumulativo dos impactos segundo a documentación achegada polo promotor á vista do resultado das tramitacións doutros parques e liñas no ámbito. A análise céntrase principalmente nos impactos acumulativos para aves e quirópteros. Neste sentido expónse que o efecto acumulativo dos impactos da liña por colisión de aves sería dun 2,96% se se conta o conxunto de liñas eléctricas existentes ou previstas e dun 2,49% si se consideran tamén os parques eólicos. En ningún dos casos a contribución aos impactos da liña chegaría a un exemplar ao ano. En caso dos quirópteros calcúlase un efecto acumulativo da nova liña do 2,13% do total de colisións por liñas eléctricas e aeroxeradores de parques no ámbito considerado. Indícase que no caso das liñas, o risco de electrocución das aves é practicamente inexistente dado o deseño das mesmas, polo tanto neste marco pódese descartar a existencia de efectos acumulativos.

Nas súas conclusións sobre a valoración dos efectos sinérxicos a Dirección Xeral de Patrimonio Natural expón que o presente proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles, e engade que dado o elevado número de parques eólicos dos que evacúa a enerxía producida, se cada parque eólico tivese que dispoñer da súa propia liña de evacuación, a acumulación dos seus impactos e a xeración de sinerxias sería notablemente superior.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) emite informe no que se recolle o marco legal e a descrición do proxecto e resume o contido do estudo de impacto ambiental en relación coa paisaxe destacando que inclúe un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP). A continuación caracteriza a paisaxe afectada polo proxecto e analiza o contido do EIIP, os efectos do proxecto sobre a paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas na documentación. Entre outras cuestións sinala que a infraestrutura será visible dende o 43,55% da superficie da envolvente de 5 km. No relacionado coa AEIP máis próxima, a liña eléctrica será visible dende o 32,7% da superficie da mesma dentro da mencionada envolvente. Tamén será visible dende o miradoiro de Ameixeiras e parcialmente dente o do Curro. Destaca que case dende o 100% da superficie do ámbito de 10 km ao redor da infraestrutura será visible algunha LAT ou parque eólico segundo o estudo de sinerxias levado a cabo no EsIA do proxecto. Finaliza a súa análise recollendo que os principais impactos son a intrusión visual da infraestrutura e dos seus camiños de acceso na paisaxe, así como a posible afección ao arborado autóctono presente nalgúns zonas. Ademais estes impactos veranse agravados polas numerosas infraestruturas enerxéticas da contorna.





Nas súas conclusións o IET informa que o EIIP inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e nos artigos 26 e seguintes do seu Regulamento, se ben produciranse impactos paisaxísticos característicos dos tendidos eléctricos, onde os apoios metálicos e a súa disposición lineal, así como a apertura de camiños de acceso e as necesarias franxas de seguridade da infraestrutura, xeran unha distorsión da harmonía visual das escenas da contorna. Finalmente indican que esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras, non supón un impacto crítico.

O promotor, como resposta ao informe do IET, manifesta a súa conformidade coas consideracións expostas no mesmo e solicita a continuación da tramitación do expediente.

- A Confederación Hidrográfica Miño-Sil, comeza expoñendo os antecedentes do expediente, referindo ao informe emitido durante a tramitación da avaliación de impacto ambiental simplificada no que se expoñían afeccións ao dominio público hidráulico, o que resultaría nun informe de impacto ambiental resolvendo a necesidade de someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria. A análise que fai no seu informe pronúnciase principalmente sobre as modificacións respecto ao proxecto inicial, que responden aos condicionantes impostos pola CHMS nos seguintes termos:
 - A modificación do deseño da SEC Paraño, a ZIA, vteiro de acceso e apoios finais da LAT trasládanse respecto do proxecto orixinal polo que, estando en zona de policía, non ocupan o canle nin a zona de servidume. Considerase esta solución como adecuada.
 - Os apoios 36 e 37 que estaban moi próximos ao canle rego de Touza e ao seu afluente innominado, están na nova proxección fora de zona de policía e en zona de policía pero afastado do canle, respectivamente. Ademais ambos contan no proxecto con barreiras de retención de sedimentos.
 - A nova proposta cartográfica reflicte os cambios esixidos pola CHMS.
 - En canto ao estudo de posibles afloramentos naturais de auga nas cabeceiras dos canles onde se proxectan as obras, non se detalla a existencia de afloramentos.
 - No tocante ás posibles captacións de augas superficiais e/ou subterráneas, indica que segundo o EslA a captación máis próxima está a 2.900 m ao norte do ámbito de actuación.

O informe conclúe indicando que as solucións adoptadas considéranse axeitadas en relación cos condicionantes impostos previamente, sendo tamén axeitadas as análises sobre a vexetación de ribeira afectada, zonas protexidas e captacións de auga.

Porén, o informe finaliza indicando que a nova disposición dos elementos do proxecto produce un novo impacto sobre o que non se aclara unha solución construtiva. Proxectase un vteiro de nova construción, de acceso ao apoio 37, que cruza un regato innominado afluente do rego da Touza xunto á SEC. A este respecto lembrese que as obras de drenaxe transversal dos novos vieiros deben garantir a debida permeabilidade independentemente da existencia de canle definido, sen prexuízo de que obviamente debe respectarse a capacidade de desaugue dos canles xa definidos.

Como resposta ao informe, o promotor achega un documento onde proxecta unha nova alternativa de acceso ao apoio 37, acompañada dos arquivos shape correspondentes e unha descrición da nova proposta. Esta nova configuración do vteiro discorrería paralela á SEC e xa fóra de canles públicos. Solicita así mesmo continuar coa tramitación do expediente.

Con posterioridade, a CHMS emite un novo informe. Valora a alternativa achegada polo promotor como favorable indicando que se reduce considerablemente o impacto sobre as augas.

O promotor, como resposta ao informe, manifesta a súa conformidade coas consideracións expostas no mesmo e solicita a continuación da tramitación do expediente.





- A Axencia de Turismo de Galicia emite un breve informe que comeza cos antecedentes do expediente e cos criterios legais, recollidos na Lei 7/2011 de 27 de outubro de turismo de Galicia, que se deben ter presente na elaboración de estudos de desenvolvemento do tipo de estruturas contempladas no proxecto. Conclúe que na documentación non se realiza un estudo concreto nin das medidas preventivas, impactos ou programa de vixilancia turística a ter en conta, polo que é preciso completar a información

O promotor responde a este informe achegando unha documentación complementaria ao EsIA. Esta documentación consiste nun novo anexo co título *Instalacións de conexión a la Red eléctrica. Beariz 400 kV – Eje Este Estudio de impacto ambiental. Anexo 14: Estudio de impacto turístico. Marzo 2022.*

En resposta á achega complementaria de documentación a Axencia de Turismo de Galicia emite un novo informe sobre a mesma. O informe conclúe que o impacto que terán as instalacións no turismo local así como na súa contorna é reducido, e que deberá ser atenuado polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na DIA, de tal xeito que as afeccións a elementos arqueolóxicos existentes deben ser analizadas dende o punto de vista patrimonial

O promotor achega nova contestación aceptando o contido do informe e solicitando a continuación da tramitación.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emite un informe en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no mesmo. Neste sentido informa que o risco estimado de que ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente ,no caso de que ocorran, é baixo. Indica tamén que si este proxecto puidera estar afectado polo Decreto 171/2010 sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Como resposta o promotor aclara que as instalacións proxectadas están afectadas polo Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia ao conter centros de transformación de enerxía eléctrica en alta tensión. No mesmo documento de resposta, o promotor comprométese a elaborar e implantar o plan de autoprotección.

- A Dirección Xeral de Defensa do Monte informa favorablemente sempre e cando se cumpra co recollido no EsIA e coas obrigas en relación ás redes primarias de faixas de xestión da biomasa establecidas no artigo 20 bis da Lei 3/2007.

O promotor responde manifestando a conformidade e compromiso coas cuestións indicadas no informe e solicita a continuación coa tramitación do expediente.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un extenso informe no que realiza unha avaliación do proxecto desde os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición. O informe conclúe que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre unha serie de aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación. Entre eles cítanse:
 - O emprego de hexafluoruro de xofre (SF₆) nos equipos eléctricos.
 - Valoración ou análise dos valores e campo eléctrico acadados na subestación colectora SEC Paraño 30/123/40 kW e no edificio de control ao respecto daquelas zonas onde é posible a presenza de persoas.
 - A disposición das fichas de datos de seguridade de tódolos materiais perigosos empregados.





En resposta ao informe da Dirección Xeral, o promotor achega un documento no que da resposta aos requirimentos feitos pola mesma.

En vista da resposta do promotor a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe favorable.

O promotor responde manifestando a súa conformidade e solicita a continuación coa tramitación administrativa do expediente.

- A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, informa remitindo o contido do informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense. Este documento comeza achegando os antecedentes e descrición do proxecto. A continuación delimita os montes veciñais afectados polas obras contempladas no proxecto, incluíndo un total de 13 (A Ermida, Peniña e os Chaos ou Pena Negra, De Cidá, Coto de Surribas, A Portela e A Estivada, De Cebral, De Parada, Charco e Redondo, De Espiñeiros, De Cerdeira, Sonelle, As Santas e Chancela). Indicase tamén o estado forestal do ámbito do proxecto.

O informe conclúe indicando que a obra afecta a trece montes veciñais en man común, tal e como se indica no parágrafo anterior, e á infraestrutura viaria e de defensa contra incendios forestais. Ademais indica a necesidade de constituir as faixas de biomásas descrita na Lei 3/2007 ao redor das instalacións que transporten enerxía eléctrica de xeito aéreo, de ser o caso, así como da operatividade dos puntos de auga para carga de medios terrestres e das pistas forestais.

Na súa resposta o promotor expón unha serie de aclaracións e compromisos en base as puntualizacións feitas pola antedita dirección xeral e termina solicitando a continuación da tramitación.

- O Concello de Beariz achega un breve informe indicando que o termo municipio carece de planeamento xeral e tampouco ten aprobada ordenanza algunha no eido no que se solicita informe. Indica que o núcleo de poboación de Muradas é o máis próximo que ten delimitación como tal, e a liña atópase fóra desta delimitación. En canto ao contido da documentación que se lle achegou, este concello informa que a situación dos parques eólicos non se sitúa preto de núcleos de poboación do mesmo, afectando a solos que teñen consideración de solos rústicos. Polo que atinxe a recursos municipais que puideran verse afectados, indicase que tampouco se atopa ningún. Polo que respecta a valores paisaxísticos o concello indica que é unha zona con unha gran visibilidade. En canto as afeccións por ruído indican que acusticamente non se ten afeccións nos núcleos de poboación. O informe remata indicando que no resto do contido da documentación remitida o técnico que asina non ten coñecementos para poder informar axeitadamente .

O promotor responde a este informe achegando un escrito no que se especifican os apartados do EsIA no que se solventan os puntos indicados no informe respecto aos impactos paisaxísticos e a súa conformidade co resto do informe, solicitando a continuación da tramitación.

- A Sociedade Galega de Historia Natural achega un breve escrito indicando que a crecente proliferación de novas liñas de evacuación ou distribución de electricidade está a agravar os seus impactos ambientais que son permanentes e poden chegar a ser críticos, nomeadamente sobre a paisaxe, os hábitats e a mortalidade de aves por impactos ou electrocucións en tendidos eléctricos aéreos. Finaliza indicando que resulta ambientalmente imprescindible unha ordenación de todas as LAT e LMT para minimizar a creación de novas liñas, obrigando aos promotores a utilizar/compartir as LAT e LMT existentes e proxectadas, así como a soterralas, en toda a extensión que sexa tecnicamente posible.

O promotor responde a este escrito achegando un documento no que se especifican os apartados do EsIA no que se solventan os puntos indicados na achega da Sociedade Galega de Historia Natural.





- No tocante ás alegacións con contido ambiental, no expedientes constan as presentadas por 10 asociacións e 585 particulares.

Unha parte do contido das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental. No que se refire exclusivamente aos aspectos ambientais (impacto ambiental en xeral), e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, refírense a cuestións que son tidas en conta polos correspondentes órganos competentes e recollidas neste mesmo apartado da DIA, aos aspectos procedimentais que se resumen no punto 2.1, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e, por último, ás consideracións do punto 6 respecto da viabilidade ambiental do proxecto sempre que se cumpran as condicións e medidas que se establecen ao longo desta DIA, ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada.

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV Eixe leste comprende as seguintes instalacións eléctricas:

-Liña eléctrica de interconexión denominada LAT 132 kV SEC Valdepereira – SEC Paraño, cunha lonxitude aproximada de 10.674,72 m.

-Subestación colectora denominada SEC Paraño 400/132/30 kV, co equipamento complementario para as funcións de control, mando e protección da SEC ocupará unha superficie de 15.988,64 m²

-Liña eléctrica que a conectará coa SE Beariz 400kV de REE, denominada LAT 400 kV SET Paraño – SE Beariz, cunha lonxitude aproximada de 84,25 m.

A traza da liña e a posición da subestación colectora Paraño serán as que se recollen no plano N°01.2.3 (follas 15 a 22), titulado Alternativa 02 Detalle.

4. CONDICIÓN AMBIENTAIS

4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EsIA, nas súas addendas e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores, xa que esta é preceptiva e vinculante en todos os seus extremos, segundo o exposto no artigo 5 apartado 4 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

2. En relación co anterior, no que respecta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor levará a cabo unha prospección minuciosa para constatar a presenza ou ausencia de especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas. No caso de detección informarase á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, xunto coas medidas que propoñan.

O documento que elabore o promotor co resultado da dita prospección deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, exclusivamente para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.





3. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

O importe do aval, a fixar polo órgano substantivo será actualizable e unha parte corresponderá á fase de obras e outra á de desmantelamento e abandono das instalacións.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados as labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental e calquera outra documentación que se considere oportuna de ser o caso, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

4.2.1. Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederá a rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederá, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3. Os niveis de presión sonora debidos á construción das instalacións instalación, e, se é o caso, de funcionamento da subestación, deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, o promotor levará cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

4. Respecto aos campos electromagnéticos, estarase ao disposto no Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

4.2.2. Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.





En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece no punto 4.2.3.5 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado, de ser o caso, haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

6. A drenaxe lonxitudinal e transversal dos camiños debe cumprir o establecido na Normativa do Plan Hidrolóxico da CHMS debendo, así mesmo, obter a correspondente autorización de obras segundo o establecido no RDPH.

7. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

8. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un





xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

9. O edificio de control, de ser o caso, deberá contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nel. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo de cunca a correspondente autorización de vertedura, no caso contrario, será baleirada periodicamente por xestor autorizado debendo constar rexistro da súa retirada. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

4.2.3. Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao establecido nesta DIA. Non se poderá ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.

3. As obras a realizar nas áreas de protección dos elementos patrimoniais, de ser o caso, seguirán estritamente o indicado e autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

4. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

5. No caso de ter que realizar algún depósito de sobrantes de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.

6. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberanse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

7. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.

8. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.

9. A circulación de vehículos e maquinaria, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).

10. Os elementos das instalacións non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

11. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

12. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.





13. De producirse a compactación do terreo durante a colocación das zapatas que suxeitan os apoios da liña, deberase restaurar e revexetar ao finalizar a obra.

4.2.4. Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento das instalacións deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, acopios de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.8, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto contemplado polo promotor no ESlA durante a fase de funcionamento. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirse en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

4.2.5. Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tal que as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou





calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona das instalacións se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaraña cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerables no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo, de non terse realizado, as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas.

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

4. Para aquelas especies de fauna que contén cun plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda. No caso de ser necesaria a realización do seguimento con estudos de especies protexidas, será necesario contar coas autorizacións correspondentes.

5. En canto ao seguimento das posibles afeccións sobre a avifauna e os quirópteros, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia de colisións e electrocucións co tendido, así como identificar posibles tramos e/ou apoios problemáticos neste sentido.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corraxir dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, instalar e/ou aumentar a cantidade de dispositivos anticollisión ou cambiar a tipoloxía, instalación de disuasores de pousada, illamento de condutores, etc.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2. da presente DIA.

Este seguimento deberá realizarse durante a vida útil da liña, e a súa intensidade irase adaptando en función dos resultados que se vaian obtendo.

6. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre esta liña e os parques eólicos e as outras infraestruturas de evacuación de enerxía que existan no contorno no momento en que a liña entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

4.2.5.2. Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume e de fitocidas.

Reduciranse especialmente ao mínimo necesario os traballos de corta de especies arbóreas autóctonas, así como, de ser o caso, da vexetación de ribeira e outras árbores singulares e/ou protexidas, para o que se seguirá o criterio básico de intervención mínima.

Lémbrese que para a corta de arboredo, terá que presentarse previamente a declaración ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.





2. A rúa de seguridade deberá estar limpa de vexetación incompatible coa liña. As dimensións mínimas determinaranse en función da lexislación sectorial aplicable, tanto a referente a liñas eléctricas como as disposicións vixentes en materia forestal e de prevención de incendios forestais.

3. Preservarase a vexetación higrófila e as zonas húmidas como refuxio e hábitats sobretodo de anfibios.

4. Para garantir a non afección e a compatibilidade das actuacións coa conservación das especies de flora ameazada así como dos hábitats naturais que puideran estar presentes na zona, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras e compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental, segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

5. No referente aos accesos aos apoios e á traza da liña, terase en conta o seguinte:

- Na planificación dos accesos á traza e aos puntos de instalación dos apoios, primará o máximo aproveitamento da rede de pistas e camiños existentes, co fin de minimizar a execución de novos accesos. Pode considerarse tamén o emprego da propia rúa de seguridade, limitándoo ás zonas de menor valor ambiental e afectando o mínimo posible á vexetación natural.
- No caso de accesos de nova execución, para definir o trazado teranse en conta os posibles valores ambientais que puidesen existir na área. Sempre que sexa posible, o novo acceso efectuarase por simple rodadura fronte aqueles métodos que precisen movementos de terras, empregando técnicas de roza que permitan unha rápida rexeneración da cuberta vexetal. Así mesmo, implementaranse as medidas necesarias para evitar a formación de rodeiras e asolagamentos.
- Independentemente do tipo de acceso, previamente a súa execución delimitarase fisicamente o trazado para evitar afeccións por sobredimensionamento ou tránsito incontrolado de maquinaria fóra do acceso. A anchura será a mínima imprescindible para o paso da maquinaria que fará uso deles.
- Aqueles novos accesos que non vaian a ser empregados durante a fase de funcionamento da liña, deberanse reintegrar na paisaxe, revexetándoos en toda a súa superficie.

6. En relación coa apertura e mantemento da rúa de seguridade da liña, teranse en conta as seguintes cuestións:

- A rúa de seguridade deberá estar limpa de vexetación incompatible coa liña. As dimensións mínimas determinaranse en función da lexislación sectorial aplicable, tanto no referente a liñas eléctricas como as disposicións vixentes en materia forestal e de prevención de incendios forestais. En calquera caso, limitaranse os traballos de corta de especies arbóreas autóctonas ao mínimo necesario, así como, de ser o caso, a vexetación de ribeira e outras árbores ou rodais singulares, así com as especies autóctonas, singulares e/ou protexidas. De acordo co indicado pola Dirección Xeral do Patrimonio Natural respectarase a vexetación acompañante nas zonas de frondosas arbóreas autóctonas que poidan ser afectadas.

Neste sentido, extremaranse as precaucións na execución dos cruzamentos sobre a rede fluvial para salvagardar a vexetación de ribeira existente nalgúns dos cursos fluviais sobrevoados pola liña, e nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas. Para o cumprimento desta premisa, seguirase o criterio básico de intervención mínima, nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas, axustarase o ancho da rúa ao mínimo esixible pola lexislación sectorial dando lugar a unha rúa de ancho variable.





Prestarase especial atención ao cumprimento da medida correctora consistente en elevar os apoios e dotar aos condutores de altura suficiente co obxecto de evitar, ou minimizar a tala de vexetación e manter integramente o bosque de ribeira e as zonas onde se atravesan masas de arborado autóctono. No caso de ser necesario tensaranse os condutores ao máximo tecnicamente posible para alcanzar unha maior altura sobre o arborado e evitar a tala ou poda dos exemplares.

- En todo caso, as actuacións baixo a liña consensuaranse coa Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural e coa de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

7. Deberá garantirse que non se verán afectados os compoñentes protexidos do medio natural, como especies da flora e fauna en perigo de extinción ou vulnerables, así como os hábitats. Garantirase a non afección e conservación dos exemplares que puideran estar presentes na zona da actuación, de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril), tanto na fase de construción como na de explotación. En xeral cumpriranse as obrigas establecidas a este respecto no artigo 51 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

Teranse en conta, en particular, as obrigas establecidas nos artigos 54.5 e 57 da Lei 42/2007 (na súa versión consolidada), relativas á conservación da flora e fauna silvestres.

8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

9. Disporanse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios tanto na fase de obras como nas de funcionamento das instalacións. Na xestión da biomasa eliminada (en especial a procedente da apertura e mantemento da liña de seguridade), terase en conta a lexislación sectorial en materia forestal e defensa contra os incendios forestais.

10. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización.

Neste caso, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos de menor tamaño nunha porcentaxe do 50% sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e distribución homoxénea, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

11. Calquera actuación de carácter inevitable que afecte aos sistemas naturais, levará asociada a restitución íntegra do espazo afectado e á maior brevidade posible.

4.2.6. Integración paisaxística e restauración

1. 1. Co fin de garantir unha axeitada integración paisaxística, terase especial coidado na aplicación das medidas protectoras, correctoras e de restauración e integración paisaxística que figuran no Estudo de Impacto e Integración Paisaxística.

2. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (contorno dos apoios da liña, execución de novos accesos, contorno da subestación, área de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de





excedentes dos movementos de terras se fora o caso, etc.), deberán se restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, con obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas actuacións de restauración e revexetación a levar a cabo teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo. Nas superficies afectadas por movementos de terras procederase inmediatamente á total revexetación.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- No que respecta á sementeira, a mestura deberá conter necesariamente especies arbustivas e leguminosas, sen prexuízo das de crecemento rápido que se consideren apropiadas para a zona. A proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 gr/m² (300 kg/ha).
- Garantirase a efectividade das labores de restauración e mantemento da revexetación ao longo do tempo, para o que se efectuará un seguimento da súa efectividade e se adoptarán as medidas correctoras oportunas no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da revexetación.
- No caso de detectarse a aparición de especies invasoras, adoptaranse as medidas requiridas no punto 8 do apartado 4.2.5.2.

3. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico, deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

4. Previa entrada en funcionamento da liña, procederase á restauración e sementeira do solo, así como á descompactación de aquelas zonas alteradas distintas dos viais e camiños.

5. No caso de que as instalacións quedasen definitivamente fóra do servizo, ao longo da fase de abandono, levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalas e recuperar a situación prooperacional da zona que ocupaban.

Con carácter xeral, e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, considerarase a desmontaxe e retirada dos apoios da liña, illadores condutores, demolición da parte superior dos pedestais ou peañas das zapatas, no seu caso, subestación e restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo da liña, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.





4.3. Outras condicións

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.
2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberáselle notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.
3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras da liña.

Xunto coa dita comunicación, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural ao que se fai referencia na condición 4.1.2 da DIA, xunto coa documentación na que se basee.

4. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade do proxecto que se produza.

5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánse incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:





- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- As tomas de mostras, medicións e/ou analíticas deberán ser realizadas por un organismo de control autorizado ou entidade acreditada ou autorizada, e os resultados terán que vir asinados por persoal técnico da entidade. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no ESIa ou nesta DIA, comunicaráselle inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

O programa ampliarase a toda a vida útil do proxecto. Tras cinco (5) anos e en función dos resultados, o promotor podería solicitar unha revisión da periodicidade e alcance dos informes e o levantamento da obriga de realizar o PVA durante o resto da fase de explotación ante o órgano substantivo para que se pronuncie sobre o asunto, a excepción dos seguimentos específicos sinalados na presente DIA.

5.2. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, terase en conta o seguinte:

- Os puntos de mostraxe para a avaliación do nivel sonoro deberán incluír os núcleos poboacionais e áreas sensibles máis próximas ás instalacións. Especificaranse as coordenadas UTM (ETRS89) de todos os puntos de avaliación.
- Deberase efectuar, de non terse realizado, unha campaña preoperacional con medicións en todos os puntos, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para comparalos cos que se obteñen en cada período de seguimento.
- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e analíticas, tanto na fase previa ao inicio das obras como nas de replanteo, obras, explotación ou abandono, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC) co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar, e que os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante as labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento.
- En canto a periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuaranse medicións en cada punto no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa. Na fase de funcionamento a frecuencia será mensual o primeiro semestre, trimestral o segundo e tamén trimestral durante o segundo ano de explotación, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.

2. En canto aos plans de vixilancia e demais controis aos que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
 - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.





- Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...) detección de atropelos, control de obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
 - Seguimento de avifauna, quirópteros e posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
 - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación.
 - Detección de especies invasoras.
 - Etcétera.
- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna e no de quirópteros (naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor, no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, ou do que se poida derivar da condición 4.1.1, 4.1.2, ou de calquera outra desta DIA, teranse en conta as seguintes indicacións:

- Disporanse dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxos, durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etc, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza da liña. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto das especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección.
- Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia da liña sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves fronte á LAT, e a detección de morte por colisión e electrocución e o control de posible nidificación nos apoios.

Descríbese a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e electrocución e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves nas zonas próximas á liña.

Incluirase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona da liña, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.
- Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
- Definiranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA.





- Describírase o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.

5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EsIA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EsIA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co curso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna e quirópteros, protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un informe **fin de obras** que como mínimo inclúa:





- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalla o estado final da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá, así mesmo, un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os apoios, estado dos vieiros, estado da rúa de seguridade e da limpeza da área (en especial da zona ou das zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicárase ad ata e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano as built, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do proxecto, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Inclúirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos apoios.
- d) Ficheiros dixitais do plano as built coas seguintes capas: trazado da liña e localización dos apoios. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

3. Unha vez iniciado o funcionamento da liña o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultado do plan de seguimento de avifauna e quirópteros (incluíndo todo o relativo ao desenvolvemento e eficacia das medidas adicionais, de ser o caso, ás que fai referencia a condición 4.1.2 da DIA), das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais, especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.2.5 e 5 desta DIA.
- b) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras, se é o caso, estado da rúa de seguridade e tarefas de mantemento periódico levadas a cabo, estado dos accesos, plataformas de montaxe, así como de aquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse, así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores

4. **Informe previo ao abandono:** cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación das instalacións, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.





5. **Informe posterior ao abandono:** transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono das instalacións, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.





6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental do proxecto nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto "Instalacións de conexión á rede eléctrica. Beariz 400 kv – eixe leste, nos concellos de O Irixo, Boborás e Beariz (Ourense)", promovido por Adelanta corporación, S.A., en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, concluíndo que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Esta declaración de impacto ambiental emítese sen prexuízo da obrigaición do promotor de obter todas as autorizacións, licenzas, permisos ou informes que resulten legalmente esixibles e remitírase ao órgano substantivo para os efectos do artigo 42 da lei de avaliación ambiental.

Mediante o anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia farase pública esta declaración de impacto ambiental que estará dispoñible na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

De acordo co apartado 4 do artigo 41 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Sagrario Pérez Castellanos
Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)





RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO, POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DAS INSTALACIÓNS DE CONEXIÓN Á REDE ELÉCTRICA. BEARIZ 400 KV - EIXE LESTE, NOS CONCELLOS DE O IRIXO, BOBORÁS E BEARIZ (OURENSE), PROMOVIDO POR ADELANTA CORPORACIÓN, SA (CLAVE 2021/0051)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2009, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 6 de decembro) e polo Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño (BOE núm. 175, do 24 de xuño), establece, no artigo 7.2.a), que os proxectos comprendidos no anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na sección 2ª do capítulo II (título II) da dita lei.

O proxecto obxecto deste informe está incluído no grupo 4.b. do anexo II da referida lei (construción de liñas para a transmisión de enerxía eléctrica (proxectos non incluídos no anexo I) cunha voltaxe igual ou superior a 15 kV, que teñan unha lonxitude superior aos 3 km, salvo que discorran integramente en subterráneo por solo urbanizado, así como as súas subestacións asociadas), polo que de acordo co seu artigo 47 procede determinar se debe ou non someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1 . Obxecto do proxecto e descrición, localización, promotor e órgano substantivo

1.1 . Obxecto do proxecto e descrición

O proxecto consiste na execución dunha solución de evacuación conxunta para a evacuación da enerxía eléctrica xerada nun continxente de 25 de parques eólicos (Serra do Faro, Serra do Faro Ampliación II, Coto Frío, Coto da Mina, Pico Seco, Valdepereira, Suído I, A Estivada, As Vides, Campos Vello, Marcofán, Pena da Lebre, Puza, Edreira I, Coto das Airas, Laxabranca, Uxo, Monte Peón, As Penizas, As Penizas Ampliación, Pedra Longa, Cabanelas, Tramontana, Siroco e Coto do Carballal), obxecto doutros proxectos e promovidos por distintos promotores, que suman unha potencia total duns 747,5 MW, e que contan con permiso de acceso e conexión á rede eléctrica de transporte na subestación eléctrica Beariz 400 kV, de Red Eléctrica España (REE), obxecto doutro proxecto que se atopa en tramitación.

As instalacións que conformarán o proxecto estarán compostas pola liña eléctrica de interconexión denominada LAT 132 kV SEC Valdepereira – SEC Paraño, a subestación colectora denominada SEC Paraño 400/132/30 kV e a liña eléctrica que a conectará coa SE Beariz 400kV de REE, denominada LAT 400 kV SET Paraño – SE Beariz.

A LAT 132 kV SEC Valdepereira – SEC Paraño constará de tres tramos coas seguintes características:

- O tramo inicial, denominado LAT 132 apoio T – 60 – SEC Valdepereira, terá orixe no apoio T-60 da liña colectora 132 kV SE Serra do Faro - SEC Valdepereira, obxecto doutro proxecto, e final no pórtico da futura SEC Valdepereira, proxéctase en simple circuíto, condutor LA-280 dúplex, un cable de terra e fibra óptica tipo OPGW – 48, sobre apoios 2 metálicos de celosía e unha lonxitude aproximada de 163,23 m.





- Continuará cun segundo tramo denominado LAT 132 kV SEC Valdepereira - SEC A Estivada, que terá orixe no pórtico da SEC Valdepereira e final no pórtico da futura SEC A Estivada, proxéctase en simple circuito, con condutor LA-380 dúplex, un cable de terra e fibra óptica OPGW – 48, sobre 21 apoios metálicos de celosía e unha lonxitude aproximada de 6.441,87 m.
- O terceiro tramo, denominado LAT 132 kV SEC A Estivada – SEC Paraño, terá orixe no pórtico da SEC A Estivada e fina no pórtico da SEC Paraño, proxéctase en simple circuito, con condutor LA – 380 dúplex, un cable de terra tipo OPGW – 48, sobre 14 apoios metálicos de celosía e unha lonxitude aproximada de 3.698,72 metros.

A subestación colectora Paraño 400/132/30 kV, ocupará unha superficie duns 15.988,64 m² e constará cun edificio de control.

A LAT 400 kV SEC Paraño - SE REE Beariz terá con orixe no pórtico da SEC Paraño e final na SE Beariz 400 kV. Constará dun simple circuito de condutor LA-455 dúplex, cable de terra tipo OPGW – 48, 3 apoios metálicos de celosía e unha lonxitude aproximada será de 180 m.

A lonxitude total aproximada das liñas obxecto deste proxecto será de 10.303,82 sen incluír os vanos destensados de conexións ás distintas subestacións colectoras. E tanto a SEC Valdeparaño como a SEC A Estivada serán obxecto doutros proxectos.

1.2. Localización

As actuacións do proxecto localizaranse nos concellos de O Irixo , Boborás e Beariz (Ourense).

1.3. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Adelanta Corporación, SA, que actúa en nome propio e representación doutros 18 promotores con participación nas instalacións obxecto do proxecto e o órgano substantivo é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

2. Resumo da tramitación

O 16.02.2021, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda da Consellería de Economía, Emprego e Innovación, remitiu a solicitude de autorización administrativa previa, de construción, declaración de utilidade pública, aprobación do proxecto sectorial e solicitude de declaración de especial interese presentada polo solicitante, xunto coa solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada e o documento ambiental do proxecto.

O 25.02.2021 notificouse ao órgano substantivo o inicio do período de consultas previas, previsto no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 05.05.2021 reiteráronse as solicitudes de informe ás direccións xerais de Patrimonio Natural, de Patrimonio Cultural, de Defensa do Monte e á de Saúde Pública, así como ao Instituto de Estudos do Territorio, á Confederación Hidrográfica do Miño - Sil e aos concellos de O Irixo, Boborás e Beariz.

Neste contexto, a relación de organismos consultados, indicando cun X aqueles dos que se recibiu resposta, é a seguinte:





Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	-
Instituto de Estudos do Territorio	X
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	X
Dirección Xeral de Saúde Pública	-
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	X
Dirección Xeral de Defensa do Monte	-
Confederación Hidrográfica do Miño - Sil	X
Concello do Irixo	-
Concello de Boborás	-
Concello de Beariz	-
Federación Ecoloxista Galega	-
Sociedade Galega de Historia Natural	X
Sociedade Galega de Ornitoloxía	-

Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para outros organismos, organizacións e público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Como resultado do anterior, recibíuse a achega dun particular.

Os aspectos máis relevantes das respostas recibidas resúmense a continuación:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tras recoller as consideracións legais e técnicas en relación co patrimonio cultural e facer unha serie de consideracións sobre o contido do documento ambiental en relación con este aspecto, informa que á vista dos informes do Servizo de Arqueoloxía e do Servizo de Arquitectura, da documentación remitida e da que consta na dita dirección xeral, estima que non é previsible que o proxecto de referencia cause impactos significativos sobre os bens do patrimonio cultural, debéndose ter en conta as medidas protectoras e correctoras recollidas no anexo 2 do documento ambiental do proxecto. Así mesmo engade unha serie de consideracións a ter en conta polo órgano ambiental en función do sometemento ou non do proxecto á avaliación de impacto ambiental ordinaria, e unha serie de aspectos a ter en conta na execución do proxecto.

O Instituto de Estudos do Territorio emite un informe no que describe o proxecto e o contido do documento ambiental, que inclúe un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP).

Analiza o impacto do proxecto sobre a paisaxe tendo en conta as características da contorna e o trazado proposto, indicando que aínda que considera que o proxecto non terá un impacto paisaxístico significativo, cómpre valorar a incidencia visual sobre as panorámicas da AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro, de dous miradoiros e dun campo de hórreos, así como a incidencia dos apoios e pistas de servizo sobre os afloramentos rochosos existentes na contorna.





E conclúe que o proxecto pode producir impactos sobre os elementos de interese paisaxístico (unha AEIP, 2 miradoiros, afloramentos rochosos e elementos do patrimonio etnográfico), polo que para unha mellor integración paisaxística, o estudo da paisaxe e as medidas preventivas e correctoras deberían ampliarse de acordo cunha serie de indicacións nas que se teñen en conta as directrices da paisaxe, como son:

Debe evitarse a afección aos afloramentos rochosos por parte dos apoios e das vías de servizo (directriz de paisaxe DX.17 a). 4). Teranse en conta as directrices de paisaxe DX.17 c) e DX.20 m) no referente á tipoloxía e características estéticas da subestación de Paraño. A partir do estudo das cuncas visuais dos apoios, de ser necesario, buscaranse as localizacións dos apoios que provoquen unha menor incidencia visual aos miradoiros do Curro e das Ameixeiras (directriz de paisaxe DX.26 c). E de acordo ao mesmo estudo, estudarase unha distribución de apoios que minimicen o impacto visual dende o campo de hórreos de Sonelle (directriz DX.23 g).

Finaliza indicando que no caso de que o proxecto deba someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, o estudo de impacto ambiental debe incorporar un EIIP, en cumprimento do artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Nese suposto, o EIIP incluído no documento ambiental considéraseo axeitado pero incompleto.

Así mesmo, lembra que en todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior remite un informe no que estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que si este proxecto puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan de autoprotección, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remite un informe no que recolle a información do distrito forestal XI O Ribeiro – Arenteiro, e di que afecta a 8 montes veciñais en man común (MVMC) e sinala as súas características. Tamén sinala a existencia de dous puntos de caga de medios aéreos e que os terreos teñen un uso preventivo/defensivo contra incendios. Recolle o estado forestal describindo o estrato arbóreo e a normativa de aplicación en materia de montes e a de montes veciñais en man común. E informa que tendo en conta o recollido no seu informe e que se trata dun uso permitido en solo rústico e sempre que se cumpra co condicionado exposto e a normativa citada informan favorablemente a actuación descrita.

A Confederación Hidrográfica do Miño – Sil comeza o seu informe describindo o proxecto, as principais características das infraestruturas asociadas ao mesmo e as afeccións das instalacións sobre o entorno, os impactos sobre as augas e as medidas e o plan de vixilancia que se programan na documentación ambiental.

A continuación describe a localización do proxecto con respecto á Demarcación Hidrográfica do Miño – Sil, as afeccións ás canles e ás zonas de policía dentro da dita demarcación de acordo coa cartografía oficial que se emprega no Sistema de Información sobre a Auga do Miño – Sil, informando que se planifican varios apoios e accesos en zona de policía de varias canles e que varias desas obras e outras que se proxectan fóra da zona de policía levaríanse a cabo en zonas próximas a cabeceiras de canles. Ademais destaca que a subestación proxéctase en zona de policía dunha canle innominada e ocupando parte da dita canle, e xunto a ela na zona de policía da mesma unha explanada para unha zona de instalacións auxiliares e unha zona de punto limpo. Sinala que varias das canles cruzadas pola liña son zona protexida segundo o RD 1/2016, indicando que son tramos de interese ambiental ou natural, ou tramos de protección ou mellora para se apto para a vida dos peixes. Tamén existen na zona aproveitamentos de augas (concesión ou usos privativos), e zonas onde se inventarían bosques aluviais.





A continuación recolle as conclusións e pronunciamentos que, á vista do documento ambiental, considera que deberían de terse en conta na emisión do informe de impacto ambiental. A este respecto indica unha serie de requirimentos legais e medidas en relación co dominio público hidráulico (DPH), zonas de policía de canle pública e servidumes, en relación coas posibles captacións de augas superficiais e/ou subterráneas, por requirimentos hídricos das actuacións, sobre as afeccións á calidade biolóxica e físico – química das augas superficiais e subterráneas, e ao respecto das zonas protexidas e os valores dos ecosistemas ligados a medios hídricos. E finaliza concluíndo que coas cautelas e condicións sinaladas no seu informe, considera que o proxecto é **desfavorable** pola ocupación do DPH se non se procede á modificación da localización da SEC Paraño e as instalacións auxiliares co obxecto de evitar o deterioro dos ecosistemas atendendo ao artigo 92 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

A Sociedade Galega de Historia Natural expón que a crecente proliferación de novas liñas de evacuación ou distribución de electricidade está a agravar os seus impactos ambientais que son permanentes e poden chegar a ser críticos, nomeadamente sobre a paisaxe, os hábitats e a mortalidade de aves por impactos ou electrocucións en tendidos eléctricos aéreos, e polo tanto solicita que o EsIA avalíe con detalle as posibles afeccións do proxecto sobre os hábitats de interese comunitario e os de conservación prioritaria, a paisaxe, as diferentes especies de flora e fauna catalogadas, e os efectos acumulativos e sinérxicos.

3 . Análise segundo os criterios do anexo III

Unha vez analizada a documentación que obra no expediente, e co obxecto de determinar se o proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, realízase a seguinte análise segundo os criterios do anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

3.1. Características do proxecto

Como xa se indicou anteriormente, as instalacións que conformarán o proxecto serán a liña eléctrica de interconexión LAT 132 kV SEC Valdepereira – SEC Paraño, que constará de tres tramos:

- O tramo inicial, LAT 132 apoio T – 60 – SEC Valdepereira, con orixe no apoio T-60 da liña colectora 132 kV SE Serra do Faro - SEC Valdepereira e final no pórtico da futura SEC Valdepereira, proxéctase en simple circuito, condutor LA-280 dúplex, un cable de terra e fibra óptica tipo OPGW – 48, sobre apoios 2 metálicos de celosía e unha lonxitude aproximada de 163,23 m.
- Un segundo tramo, denominado LAT 132 kV SEC Valdepereira - SEC A Estivada, con orixe no pórtico da SEC Valdepereira e final no pórtico da futura SEC A Estivada, proxéctase en simple circuito, con condutor LA-380 dúplex, un cable de terra e fibra óptica OPGW – 48, sobre 21 apoios metálicos de celosía e unha lonxitude aproximada de 6.441,87 m.
- E un terceiro tramo, LAT 132 kV SEC A Estivada – SEC Paraño, con orixe no pórtico da SEC A Estivada e fina no pórtico da SEC Paraño, proxéctase en simple circuito, con condutor LA – 380 duplex, un cable de terra tipo OPGW – 48, sobre 14 apoios metálicos de celosía e unha lonxitude aproximada de 3.698,72 metros.

A futura subestación colectora SEC Paraño 400/132/30 kV que se localizará nas inmediacións da SE Beariz, de REE. Ocupará unha superficie duns 15.988,64 m², sen incluír os noiros. Constará cun edificio de control, dunha soa planta, cunha superficie de 219 m². Albergará oito estancias separadas habilitadas para sala de control de parques eólicos, sala de control colectora, aseo/vestiario, almacén, despacho, distribuidor, sala de centro de transformación, sala de grupo electrógeno e sala de control de reserva. Ademais na instalación queda previsto espazo de reserva para posibles futuras ampliacións da subestación.





E a liña eléctrica que conectará a SEC Paraño coa SE Beariz 400kV, denominada LAT 400 kV SEC Paraño – SE Beariz. Constará dun simple circuíto de condutor LA-455 dúplex, cable de terra tipo OPGW – 48, 3 apoios metálicos de celosía e unha lonxitude aproximada será de 180 m.

No documento ambiental estúdanse dúas alternativas para a liña con lixeiras variacións no trazado, sendo a localización da SEC Paraño común ás dúas e a LAT 400 entre a SEC Paraño e a SE Beariz, sendo a alternativa 2 a mellor valorada na análise realizada. A lonxitude total aproximada das liñas será de 10.303,82 sen incluír os vanos destensados de conexións ás distintas subestacións colectoras.

Como instalacións auxiliares ás obras (ZIA) prevese a utilización dunha principal situada a carón da SEC Paraño, cunha superficie de 225 m²e ademais realizárase o amoreamento de material nas plataformas de montaxe dos apoios, situadas na base de cada un deles, cunha superficie de 20 x 25 m, unha vez finalizada a obra procederáse a restitución topográfica e visual dos terreos, deixando as plataformas de manobra e mantemento cunha extensión mínima para a súa funcionalidade. Lindeiro coa ZIA, instalarase un punto limpo para o almacenamento provisional dos residuos da obra.

Segundo o documento ambiental, as instalacións proxéctanse para a evacuación conxunta dun continxente 25 parque eólicos que comparten punto de conexión no nó da subestación Beariz 400 kV, teñen instalacións comúns de conexión e, polo tanto, proxéctanse con criterios de optimización e minimización ambiental das infraestruturas necesarias para a conexión á rede eléctrica dos devanditos parques eólicos, así coma outros que se puideran conectar ao nó no futuro, de ser o caso, a través doutras solucións de evacuación conformadas por outras liñas e subestacións colectoras .

3.2. Localización do proxecto e sensibilidade medioambiental da área

A traza da liña eléctrica discorrerá polos concellos de O Irixo, Boborás e Beariz (Ourense) e a subestación colectora Paraño 400/132/30 kV estará situada nun terreo localizado na zona coñecida como Monte Chancela, ao nordés do concello de Beariz (Ourense).

A área onde se localiza o proxecto caracterízase polo relevo montañoso conformada por unha serie de cordais de altitudes medias e altas (entre os 600 e os 800 metros). Nos montes predominan as matogueiras, plantacións forestais de piñeiros e superficies núas onde destacan os afloramentos rochosos característicos destas serras. As masas arbóreas de frondosas autóctonas aparecen asociadas ás beiras dos cursos fluviais e ás valgadas. Nos vales sitúanse núcleos rurais de pequeno tamaño rodeados de predios de cultivos e pasteiros.

En canto á paisaxe, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), a liña e a subestación localízanse na grande área paisaxística de Galicia Central, na comarca paisaxística do Carballiños.

En relación ás áreas de especial interese paisaxístico do Catálogo, de acordo co informado polo IET, a traza da LAT discorre próxima á AEIP_07_29 Serra do Candán e Montes do Testeiro, situada a uns 660 metros ao norte do apoio máis próximo. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o das Ameixeiras, que se sitúa a uns 2,8 km ao norte, e o do Curro, a uns 3,8 km ao sur; e un pouco máis afastados atópanse o miradoiro do Castelón e o de Monte Coco (a uns 5,4 e 7,8 km ao norte da LAT), situados nos altos da antedita AEIP da Serra do Candán e Montes do Testeiro.

Ademais dos elementos de interese paisaxístico recollidos no Catálogo, existen outros elementos de interese cultural e panorámico entre os que cabe destacar pola súa proximidade á LAT o campo de hórreos de Sonelle e a igrexa parroquial de Froufe, así como varios xacementos arqueolóxicos (mámoas, petróglifo). Tamén cabe destacar tamén a presenza de afloramentos rochosos nos altos das serras que contribúen positivamente á riqueza, morfolóxica, textural e cromática das coberturas da contorna.





En canto á vexetación actual do ámbito de estudo descrita no documento ambiental, en torno ao 57% da superficie estudada constitúese por comunidades formadas por mato e mato con rochedos, seguido de masas mixtas de frondosas caducifolias.

A unidade formada por masas mixtas de frondosas caducifolias, está composta polos bosques de ribeira que no ámbito da liña ten unha presenza fragmentada e redúcese a estreitas faixas descontinuas respecto da canle, as especies presentes son salgueiros (*Salix atrocinerea*) e bidueiros (*Betula pendula* subsp. *Celtiberica*), e as masas de carballeiras (*Quercus robur*) que aparecen asociadas ás zonas do val do rego Surribas e afluentes, rego Lobaguiera e afluentes do río Redondo, con presenza de pés de castiñeiros (*Castanea Sativa*) e de bidueiros (*Betula alba*). Cunha menor superficie existen unidades formadas por piñeirais e repoboacións forestais, matogueiras mesturadas en diversas proporcións con frondosas caducifolias, con piñeirais e con prados e, en menor medida, atópanse superficies dedicadas a cultivos e pradeiras e mosaico agrícola e matogueira.

En canto aos hábitats de interese natural e prioritarios, no ámbito do proxecto e segundo o documento ambiental, na fase de proxecto poden verse afectados en diferentes proporcións en cada una das dúas alternativas estudadas os seguintes hábitats: 4020*, 4030, 4090, 6430, 9230, e ademais na alternativa 1, que non sería a finalmente seleccionada no documento ambiental, o 9260 e o 91E0*.

Segundo informa a Dirección Xeral de Protección e Ordenación Forestal, atópanse os seguintes montes veciñais en man común: Monte Chancela dos veciños de Muradás, concello de Beariz, Monte As Antas dos veciños de As Antas, concello de Beariz, Monte Grandueiras, Rego do Espiño e Torrás dos veciños de Gabián, concello de Boborás, Monte de Sonelle dos veciños de Sonelle, concello de Boborás, Monte de Espiñeiros dos veciños de Espiñeiros, concello de O Irixo, Monte Charco e Redondo dos veciños de Nogueiroa, concello de O Irixo, Monte de Cebral dos veciños de Cebral, concello de O Irixo, Monte A Ermida dos veciños de A Ermida, concello de Beariz. Tamén se atopan dous puntos de carga de auga: Espiñeiros (3203501999) e Marcófán-Ventelas (32011 - 029).

Unha parte importante deses terreos teñen actualmente un uso preventivo/defensivo contra incendios forestais con devasas e camiños forestais de acceso que se verán limitados na súa funcionalidade forestal e moi condicionados nos labores de mantemento futuros.

En canto á hidroloxía, o proxecto localízase na demarcación hidrográfica do Miño - Sil. Segundo a Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, a liña cruzará as canles: río do Testeiro (ou Lobagueira), rego de Surribas, río Redondo ou regato de Cerdeira, rego Campo do Chancelo, rego da Touza e unha canle innominada afluente deste. Ademais, dous apoios (36 e 37) e os accesos a outros catro (ao apoio 17, ao 20, ao 37 e ao 46) proxéctanse en zona de policía. E varias das obras indicadas e outras fóra de zona de policía levaríanse a cabo en zonas próximas a cabeiras das canles.

Cómpre resaltar que, de acordo con informado pola CHMS, segundo a cartografía do proxecto, tanto a subestación colectora Paraño, coma unha zona de instalacións auxiliares, unha zona de punto limpo planifícanse na zona de policía de augas e incluso **ocupando a canle**. Esta mesma canle tamén será cruzada por un novo vieiro de acceso ao apoio 36 da liña.

Segundo a cartografía do IGN, varias das canles cruzadas pola liña son zona protexida segundo o RD 1/2016. As canles rego de Campo, Chancelo, río Redondo e regato de Froufe son tramos de interese medioambiental ou natural. O último ademais é tramo de protección ou mellora para ser apto para a vida dos peixes. O que obrigaría a extremar las precaucións nas proximidades dos mesmos. Ademais, existen na zona aproveitamentos de auga (concesións ou usos privativos) que no se deberán ver afectados por las obras. Tamén existen zonas onde se inventaría el Hábitat de bosques aluviais de *Alnus glutinosa* y *Fraxinus excelsior*.





A zona de actuación non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais, nin dentro de áreas protexidas por instrumentos internacionais, conforme ao recollido na Lei 5/2019, do 7 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Tampouco se atopa dentro das áreas da prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves publicadas na Resolución do 18.09.2018 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DOG núm. 187 do 1.12.2018).

En canto á fauna, no documento ambiental aportase a listaxe das especies inventariadas de acordo coas fontes documentais da Xunta e do MITERD, e en concreto, en relación cos datos do Catálogo Galego de Especies Ameazadas no ámbito de estudo habería inventariadas: 5 anfibios coa categoría de vulnerable 5 réptiles coa categoría de vulnerable, 4 aves coa categoría de vulnerable e 3 coa de en perigo de extinción e 4 mamíferos coa categoría de vulnerable.

En canto ao patrimonio cultural, dos resultados da prospección arqueolóxica incluída no documento ambiental, no ámbito de actuación foron localizados un total de 4 bens arqueolóxicos e un etnográfico (*Mámoa de A Chancela 1* (GA32011003), *Mámoa de A Chancela 2* (GA32011012), *Petróglifo de A Chancela* (GA32011009), *Mámoa Morico de A Pena* (GA32035026) e *ETN-1 Campo de hórreos de Sonelle* (PXOM de Boborás). Sobre 3 deles, estima que existirá un impacto compatible e sobre un deles un impacto moderado, sobre o campo de hórreos considera que non existirá impacto.

3.3. Características do potencial impacto

En relación coa vexetación e os hábitats na zona de estudo hai presenza de varios hábitats de interese natural algún deles prioritario, segundo o recollido no documento ambiental o proxecto plantéxase nun ámbito dedicado aos aproveitamentos forestais e no que suporá poucas ocupacións, e especificase que non se afectará a ningún hábitat de carácter prioritario. En calquera caso, co obxecto de evitar que se xeren efectos significativos no medio debe garantirse a adopción de medidas necesarias para evitar o deterioro, a contaminación e a fragmentación dos hábitats e a perturbación das especies.

No tocante á paisaxe, o proxecto pode producir impactos sobre varios elementos de interese paisaxístico cercanos, polo que para mellorar a integración paisaxística do mesmo, o IET recolle que deben ampliarse as medias preventivas e correctoras do EIIP con cuestións que inclúen valorar a incidencia visual do proxecto e en función dos resultados buscar unha localización dos apoios que minimize a dita incidencia visual aos miradoiros existentes no entorno e sobre o campo de hórreos de Sonelle.

O aspecto mais relevante será a afección á hidroloxía e aos ecosistemas fluviais, posto que tendo en conta que o organismo de cunca informou desfavorablemente o proxecto pola ocupación do dominio público hidráulico, non se considera viable a localización seleccionada para a SEC Paraño e as instalacións auxiliares, e non sería autorizable polo dito organismo se non se modifica a súa localización.

Da análise da documentación avaliada e dos informes recibidos, e tendo en conta todo o anterior, despréndese a necesidade de someter o proxecto a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, ao considerarse que a configuración seleccionada impactos ambiental significativos sobre a hidroloxía e é necesario unha análise en profundidade das alternativas que se debe levar a cabo por medio da elaboración dun estudo de impacto ambiental para evitar ditas afeccións, así como unha mellora da integración paisaxística, e valorar as repercusións que terá o proxecto en todos os demais elementos do medio.





4 . Proposta

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada propónse formular o informe de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

CONFORME

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE:

Formular o informe de impacto ambiental do proxecto das instalacións de conexión á rede eléctrica. Beariz 400kV – Eixe Leste, nos concello de O Irixo, Boborás e Beariz (Ourense), promovido por Adelanta Corporación, SA, concluíndo que son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, considérase necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e remitirase ao órgano substantivo.

De acordo co artigo 47.5 da referida lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

